

O campus, un espazo da foresta autóctona galega

A Oficina de Medio Ambiente organizou roteiros guiados e entregou os premios do concurso Deseña en Verde

REDACCIÓN VIGO
universitasadi@attantico.net

Amieiros, castiñeiros, bidueiros, acivros, pereiras brava, salgueiros... as especies arbóreas que se poden atopar no campus vigués son unha boa mostra da riqueza vexetal galega. No Día Internacional da Árbore a Oficina de Medio Ambiente propúxose dar a coñecer esta diversidade, para moitos descoñecida, a toda a comunidade universitaria. Entre as diversas iniciativas da xornada, realizáronse varios rotei-

ros guiados pola zona baixa do campus próxima ao Edificio de Ciencias Experimentais, na que o camiñante pode contemplar unha carballeira, un bosque de ribeira e mesmo un regato e unha lagoa con toda a fauna e flora que lle son propios. Ademais, neste día fíxose público o gañador do concurso Deseña en Verde, unha iniciativa que chamaba aos universitarios a elaborar unha proposta de deseño para determinadas zonas do campus vigués sempre respectando as especies

autóctonas e con criterios de eficiencia e sustentabilidade.

A finalidade destes roteiros no Día da Árbore, que se complementan cun programa que durante todo o ano fai visitas guiadas polos diferentes ecosistemas, é amosar a diversidade do campus a toda unha comunidade para a que pasa desapercibida. Os cartaces que os delimitan achegan información sobre a especie pero tamén sobre a soa orixe e utilidade, como os vinbios para facer cestas ou as esmerinas madeireras



A foto está sinalizada con cartais sobre as especies autóctonas

Plantación dun cedro para conmemorar o Día da Árbore

O Campus de Ourense conta na actualidade con 700 árbores procedentes de varias zonas do mundo

C.R. OURENSE
cristina@region.net

Coincidindo co Día da árbore, os traballadores da Oficina de Medio Ambiente (OMA) plantaron no Campus de Ourense un *Calocedrus Decurrens* (cedro de incenso), unha especie arbórea orixinaria dos Estados Unidos que escolleron polo seu comportamento á hora de medrar xa que pode alcanzar os 45 metros de altura. Na actualidade o campus conta con 700 árbores procedentes de diversos puntos do mundo e pertencentes a máis de 120 especies diferentes (das que 76 están no

campus norte e 46 no sur). Deste xeito o obxectivo desta celebración non é outro que recordar a importancia dos recursos forestais para o benestar do planeta e en definitiva de todos os seres humanos.

Pola súa banda, José Manuel Teijeiro, técnico especialista en xardinería e zonas verdes destacou entre as plantacións máis relevantes coas que conta este centro de estudo da cidade, os cedros, representantes das tres especies máis importantes deste xénero: Líbano, Atlántica e Deodara que destacan pola súa antigüidade. Outras especies sig-

nificativas que se poden atopar no Campus de Ourense son a *Metasequoia Glyptostroboides*, atopado na China no ano 1946, e o *Abies Pinsapo*, único representante xenuinamente ibérico do xénero *Abies* (abetos verdadeiros).

Por último, é importantes destacar e así o fixeron tanto o técnico especialista en xardinería coma todos os que traballan durante todo o ano no coidado das especies que hai no campus, o respecto polas especies de toda a comunidade universitaria así coma todos os que acoden a estas instalacións.



Fina Pérez e José Manuel Pérez Teijeiro preparan a árbore

MARTÍNO PIVAL